

Expectativas hoteleiras. 4º trimestre 2005

COMUNICADO

A maioría dos responsables de hoteis e hostais galegos espera que o grao de ocupación do 4º trimestre de 2005 sexa inferior ao do trimestre que remata

Espérase unha caída no grao de ocupación do 4º trimestre de 2005 respecto ao do 3º trimestre de 2005

Rematada a temporada de verán, o período do ano no que se acadan os niveis de ocupación máis altos para o negocio turístico, as expectativas manifestadas polos responsables dos hoteis e hostais galegos son cara a un descenso dos niveis actuais.

O 64,9% dos responsables de hoteis e hostais galegos opinan que durante os meses de outubro a decembro do ano 2005 a ocupación experimentará un descenso respecto dos niveis acadados no trimestre que remata. Os restantes distribúense entre un 31,5% deles que opina se van manter os niveis actuais, e un 3,6% que un aumento.

Tendencia no grao de ocupación 4º trimestre 2005

	Aumento	Estabilidade	Descenso
%	3,60	31,54	64,86

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Os valores previstos están dentro do intervalo 32-45%, aínda que cunha tendencia descendente a medida que avanza o trimestre. Así, no mes de outubro espérase o valor máximo (44,1%) e no de decembro o mínimo (32,5%).

Previsión grao ocupación mensual

Mes	%
outubro 2005	44,1
novembro 2005	37,0
decembro 2005	32,5

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Previsión de estabilidade nos prezos, investimento e emprego

A evolución prevista para o 4º trimestre de 2005 en variables que son decididas polos responsables dos establecementos, como son os prezos, o investimento e o emprego, é cara unha estabilidade nos niveis que mantiñan.

No caso dos prezos, o 56,7% ten previsto mantelos, aínda que non está lonxe a porcentaxe do que espera baixalos (42,4%). Tan só espera aplicar un incremento o 1,0%.

En canto ao investimento privado, hai un 71,0% deles que espera seguir destinando a esta partida unha contía similar á actual. Pola contra, hai un 14,6% que a espera diminuír e un 14,4% incrementar.

En relación ao emprego, tamén se espera permaneza estable nos niveis actuais para o 57,3% dos establecementos; non obstante, a proporción dos que teñen previsto un descenso é bastante próxima (41,6%). Pola contra, so un 1,1% pensa incrementalo.

Evolución dos prezos, investimento e emprego (%). 4º trimestre 2005

	Aumento	Estabilidade	Descenso
Prezos das prazas hoteleiras	1,0	56,7	42,4
Investimento privado	14,4	71,0	14,6
Emprego	1,1	57,3	41,6

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es